



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PONTECESO

Por acordo do Pleno municipal de data 30/09/2019 adoptouse solicitar a adhesión ao “Convenio de colaboración entre a Xunta, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias”, formalizándose a dita adhesión o 26/12/2019.

SEAGA, en colaboración co Concello de Ponteceso, elaborou o “Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Ponteceso” no que se inclúen os núcleos de poboación e as parcelas afectadas polas faixas secundarias.

Procédese á exposición pública do dito plan, co fin da súa aprobación definitiva, o cal estará a disposición das persoas responsables da xestión, na web, no taboleiro electrónico e nas oficinas xerais do Concello de Ponteceso, sitas na rúa do Concello, durante un prazo de vinte (20) días, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro electrónico deste concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas, podendo os interesados consultar o plan e presentar as alegacións que estimen oportunas durante o mesmo período.

Ponteceso, 2 de marzo de 2020

O alcalde,

D. Xosé Lois García Carballido